

| Participante | Baremo                                | Orixe |                 |   |        |         |        |        | Destino |          |          |                              |   |                            |          |                                     |   |                           |             |          |
|--------------|---------------------------------------|-------|-----------------|---|--------|---------|--------|--------|---------|----------|----------|------------------------------|---|----------------------------|----------|-------------------------------------|---|---------------------------|-------------|----------|
|              |                                       | DNI   | Apelidos e nome | A | B      | C       | D      | E      | F       | G        | Total    | Centro                       | Es.   | Nome centro                | Bilingüe | It.                                 | Centro  | Es.                       | Nome centro | Bilingüe |
| 34902911C    | Vila Vázquez, Julia                   | 42    |                 |   |        | 31,2499 | 2,0000 |        |         | 10,0000  | 85,2499  | 32016327                     | 36  | CEIP A Ponte-Ourense       | -----    | 32020781                            | 38  | CEIP O Ruxidoiro-Barbadás | -----       | Non      |
| 35441157C    | Vilanova de la Torre, María Raquel    |       |                 |   |        |         |        |        |         |          |          |                              |   |                            |          | 15002852                            | 31  | CEIP do Pindo-Carnota     | -----       | Non      |
| 44467239M    | Vilarchao Fernández, María Begoña     |       | 7,2499          |   | 7,2499 | 2,0000  |        |        | 4,4165  | 20,9163  | 36024070 | 31                           | CRA A Lagoa-Salvaterra de Miño                | -----                      | 32006553 | 31                                  | CEIP de Maceda-Maceda                               | -----                     | Non         |          |
| 35318847R    | Vilarino Torres, Miguel               |       | 2,2499          |   | 2,2499 | 2,0000  |        |        | 2,4560  | 8,9558   | 15023417 | 33                           | CEP Pilar Maestu Sierra-Pobra do Caramiñal, A | -----                      | 36003111 | 38                                  | CEIP Nosa Señora das Dores-Forcarei                 | -----                     | Non         |          |
| 32819939C    | Vilarino Vázquez, Isabel              | 1     |                 |   |        | 5,2499  | 3,0000 | 1,5000 | 2,3300  | 13,0799  | 15000363 | 31                           | CEIP Ponte dos Brozos-Arteixo                 | -----                      | 15021809 | 31                                  | CEIP Sofía Casanova-Culleredo                       | -----                     | Non         |          |
| 35442812L    | Vilas Iglesias, Ana María             | 38    |                 |   |        | 23,2499 | 2,0000 | 1,5000 | 3,1230  | 67,8729  | 36002773 | 31                           | CEIP do Foxo-Estrada, A                       | -----                      | 36002773 | 38                                  | CEIP do Foxo-Estrada, A                             | -----                     | Non         |          |
| 44823688T    | Vilela Martínez, David                |       | 0,2499          |   | 0,2499 | 2,0000  | 1,5000 |        |         | 3,9998   |          |                              |   |                            | 15012225 | 34                                  | CEIP Emilio Navasquís-Outes                         | -----                     | Non         |          |
| 76895862P    | Villa Martínez, María Montserrat      | 2     |                 |   |        | 11,2499 | 2,2000 |        |         | 6,6230   | 22,0729  | 15021834                     | 35  | CEIP Manuel Masdías-Ferrol | -----    | 15026960                            | 35  | CEIP de Ponzos-Ferrol     | -----       | Non      |
| 33291579E    | Villamor Sánchez, María Pilar         |       | 0,2499          |   | 0,2499 | 2,0000  |        |        | 0,1230  | 2,6228   |          |                              |   |                            | 15026765 | 33                                  | CEIP Milladoiro-Malpica de Bergantiños              | -----                     | Non         |          |
| 33219115P    | Villameuva Iglesias, Ofelia           | 40    |                 |   |        | 25,2499 | 2,2000 | 1,5000 | 10,0000 | 78,9499  |          | 24                           |   |                            | 15005828 | 38                                  | CEIP de Tarrío-Culleredo                            | -----                     | Non         |          |
| 36111612W    | Villar Conde, Bibiana                 |       | 0,2499          |   | 0,2499 | 2,1000  | 1,5000 |        |         | 4,0998   |          |                              |   |                            | 36018963 | 31                                  | CEIP de Belesar-Baiona                              | -----                     | Non         |          |
| 78737756Q    | Villar Ferradás, María Guadalupe      |       | 1,2499          |   | 1,2499 | 2,0000  | 1,5000 | 1,0000 | 6,9998  | 36019438 | 31       | CEIP A Cufía-Moaña           | -----   | 36004711                   | 31       | CEIP Domaio-Moaña                   | -----   | Non                       |             |          |
| 78789750F    | Villar Hermida, María Aurora          |       | 2,2499          |   | 2,2499 | 2,0000  | 1,5000 | 2,6230 | 10,6228 | 15019372 | 38       | CEIP San Vicenzo-Vimianzo    | -----   | 15007886                   | 33       | CEIP Ramón Otero Pedrayo-Laracha, A | -----   | Non                       |             |          |
| 34608109D    | Villar Rodríguez, María Luz           | 16    |                 |   |        | 13,4998 |        |        |         | 29,4998  |          |                              |   |                            | 36010459 | 38                                  | CEIP Josefa Alonso de Alonso-Vigo                   | -----                     | Non         |          |
| 36010917R    | Villar Sanjurjo, Margarita            | 36    |                 |   |        | 31,9163 | 2,0000 |        | 8,3330  | 78,2493  | 36010162 | 34                           | CEIP A Canicouva-Vigo                         | -----                      | 36018434 | 38                                  | CEP Mallón-Nigrán                                   | -----                     | Non         |          |
| 33305899J    | Villarino Fernández, Francisco Javier | 5     |                 |   |        | 13,7497 | 2,4000 | 1,5000 | 4,5820  | 27,2317  | 27006954 | 31                           | CEIP Álvaro Canqueiro Mora-Mondoñedo          | -----                      | 27004428 | 31                                  | CEIP de Foz nº 1-Foz                                | -----                     | Non         |          |
| 32756656X    | Villamovo Martínez, Ángel Luis        |       | 1,2499          |   | 1,2499 | 2,0000  |        |        | 0,2499  | 4,7497   | 15002086 | 34                           | CEIP de Ponte do Porto-Camariñas              | -----                      | 15021861 | 34                                  | CEIP Joaquín Rodríguez Otero-Malpica de Bergantiños | -----                     | Non         |          |
| 33290886L    | Villaverde Solar, Olga María          | 16    |                 |   |        | 13,7497 | 2,0000 |        | 6,1230  | 37,8727  | 36008155 | 25                           | CPI de Rodeiro-Rodeiro                        | -----                      | 15025220 | 32                                  | CEIP de Ventín-Ames                                 | -----                     | Non         |          |
| 33265674S    | Viqueira Cobas, Susana                |       | 2,2499          |   | 2,2499 | 3,0000  |        |        |         | 7,4998   | 36007709 | 31                           | CEIP de Santo Paio de Abaixo-Redondela        | -----                      | 15026169 | 31                                  | CRA de Teo-Teo                                      | -----                     | Non         |          |
| 76825194L    | Weyner Malleiro, Daniel               |       | 2,2499          |   | 2,2499 | 1,5000  |        |        | 0,5000  | 6,4998   | 36016954 | 37                           | CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera-Ponteareas | -----                      | 15001471 | 37                                  | CEIP Praia Xardín-Boiro                             | -----                     | Non         |          |
| 44820671L    | Yáñez Cantariño, Inmaculada           |       | 1,2499          |   | 1,2499 | 2,0000  | 1,5000 | 0,6230 | 6,6228  | 15025062 | 31       | CEIP de Portosm-Porto do Son | -----   | 15012225                   | 31       | CEIP Emilio Navasquís-Outes         | -----   | Non                       |             |          |
| 36122588F    | Yebra Domínguez, Clara                |       | 0,2499          |   | 0,2499 | 2,0000  | 3,0000 |        |         | 5,4998   |          |                              |   |                            | 36005555 | 38                                  | CEIP Marquesa do Pazo da Mercé-Neves, As            | -----                     | Non         |          |
| 76802509N    | Zalabeite Meijomin, Rosa              |       | 1,2499          |   | 1,2499 | 2,0000  |        | 0,5000 | 4,9998  | 15014544 | 31       | CEIP O Grupo-Ribeira         | -----   | 36012377                   | 31       | CEIP de Cerdeiriñas-Vila de Cruces  | -----   | Non                       |             |          |
| 35306105R    | Zapata Rodríguez, Roberto             | 32    |                 |   |        | 19,2499 | 3,5000 | 1,5000 | 10,0000 | 66,2499  | 36016619 | 34                           | CEIP de Atrín-Cela-Mos                        | -----                      | 36009974 | 34                                  | CEIP de Coutada-Beade-Vigo                          | -----                     | Non         |          |

## EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

*Resolución do 4 de marzo de 2010 pola que se anuncia a convocatoria dunha praza de persoal laboral fixo para este organismo.*

En cumprimento da Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e de acordo co Decreto 125/1996, do 7 de marzo, polo que se aproban os estatutos da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, do seu Regulamento de selección e contratación de persoal deste ente público, do seu I Convenio colectivo de traballo para o persoal laboral e da demais regulación que corresponda, e das facultades que teño conferidas polos estatutos citados; e logo do informe favorable emitido conxuntamente polas consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Facenda,

### RESOLVO:

Convocar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da Empresa Pública de

Obras e Servizos Hidráulicos de acordo coas seguintes bases da convocatoria:

#### Primeira.-Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir unha (1) praza de xefatura de sección da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, polo sistema de acceso libre.

Por non existir empregado algún na Empresa Pública que reúna os requisitos exixidos, non se oferta esta praza para o acceso por promoción interna.

Por non se acadaren as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

1.2. O procedemento de selección será o de concurso-oposición, coas probas, exercicios, sistemas de cualificación, temario, baremo e relación de méritos que se especifican nestas bases.

1.3. O primeiro exercicio da oposición realizarase transcorrido, como mínimo, un (1) mes desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) desta convocatoria, e expoñerase a data deste exercicio así como dos seguintes no taboleiro de anuncios da

Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña), e no lugar da realización das probas.

1.4. O aspirante ao cal lle sexa adxudicada a praza será contratado en réxime de laboral fixo e a resolución do nomeamento do candidato seleccionado como persoal laboral fixo na categoría convocada farase pública na sede do ente público.

1.5. A formalización do contrato e a incorporación definitiva do seleccionado producirase segundo as necesidades da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Mentres non se formalice o contrato correspondente, o aspirante non terá dereito ningún fronte á empresa.

Segunda.-*Requisitos mínimos de admisión dos candidatos.*

2.1. Para seren admitidos os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

-Nacionalidade: ser español ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao cal en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e dos nacionais dalgún Estado ao cal en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un (21) anos ou maiores da idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os estranxeiros non incluídos nos parágrafos anteriores que teñan residencia legal en España.

-Idade: ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

-Titulación: estar en posesión ou en condición de obter o título universitario de enxeñaría de camiños, canais e portos.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión de documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

-Capacidade: posuír a capacidade funcional física e psíquica para o desempeño das tarefas e funcións correspondentes á praza a que se opta, para o que presentará un certificado médico acreditativo se resulta seleccionado.

-Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilita-

do por sentenza firme para o exercicio de empregos públicos.

Os aspirantes que non posúan nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

2.2. Todos os requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de incorporarse a ocupar a praza, logo do asinamento do correspondente contrato.

Terceira.-*Coñecementos necesarios para cubrir o posto.*

O programa de temas que corresponde ás prazas convocadas e que rexerá no proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos contense no anexo I desta resolución.

A normativa e contido do citado temario entenderanse referidos ao dereito positivo vixente no momento da publicación desta convocatoria no DOG.

Cuarta.-*Solicitudes.*

4.1. Quen desexe tomar parte no concurso-oposición deberá presentar solicitude, en instancia axustada ao modelo que figura como anexo II desta resolución, xuntando ademais:

-Fotocopia cotexada do documento nacional de identidade (DNI) ou pasaporte. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia cotexada do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, dos documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de viviren a expensas ou estaren a cargo do nacional doutro Estado con que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar declaración xurada ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

Igualmente, os aspirantes estranxeiros non incluídos no parágrafo anterior que teñan residencia legal en España deberán achegar fotocopia cotexada do documento que acredite a dita circunstancia.

-Fotocopia cotexada do título universitario exixido nesta convocatoria ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

-Xustificante emitido pola entidade bancaria que corresponda, orixinal ou fotocopia cotexada, de ter pagados os dereitos de exame no prazo establecido para a presentación de instancias, ou, de ser o caso, fotocopia cotexada da cualificación de minusvalidez ou do documento acreditativo de ser membro de

familia numerosa, para os efectos da exención, total ou parcial, prevista nestas bases.

-Documento xustificativo, orixinal ou fotocopia cotexada, de estar en posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes, debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, para os efectos da exención prevista no terceiro exercicio.

-Documentación acreditativa, se é o caso, dos méritos que se aleguen para a súa valoración, ben orixinal ou fotocopia cotexada. A experiencia acreditarase cun historial completo emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e mais certificado de empresa, copia cotexada de nóminas ou dos contratos de traballo.

4.2. Rexeitaranse todas aquelas instancias que non acheguen os documentos acreditativos dos requisitos exixidos para o acceso ao concurso-oposición e mais o aboamento dos dereitos de exame ou, se é o caso, xustificante de exención deles. Non se admitirán copias simples para cumprir requisitos ou acreditar méritos.

4.3. O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, dirixidas ao presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, presentaranse no rexistro xeral do ente público (rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña) ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

As solicitudes subscritas no estranxeiro poderanse realizar, no prazo expresado no parágrafo anterior, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que as remitirán a seguir ao organismo correspondente.

4.4. De conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, como requisito previo para participar no proceso selectivo deberán aboarse previamente, en concepto de dereitos de exame, o importe de corenta euros con setenta e catro céntimos (40,74 €) e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes, empregando para iso o impreso de autoliquidación sinalado no anexo III.

O impreso de autoliquidación de taxas poderá recollerse nos servizos centrais da Xunta de Galicia,

en calquera delegación de todas as consellerías e nas dependencias da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

-Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, código: 06.

-Delegación de servizos centrais, código: 13.

-Servizo de Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, código de servizo: 14.

-Taxa: denominación inscrición na convocatoria para a selección de xefatura de sección da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, código: 300302.

Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de exame os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa instancia, presentando copia cotexada da minusvalidez. Así mesmo, estarán exentas as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de categoría xeral, terán unha bonificación do 50%. Do mesmo xeito, estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data de convocatoria de probas selectivas de persoal convocadas para a selección de persoal da comunidade autónoma, en que soliciten a súa participación. Serán requisitos para o gozo da exención que, no prazo de que se trate, non rexeitasen oferta de emprego adecuada nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesionais e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional.

4.5. A non presentación do xustificante do ingreso das taxas, en que figure o selo da entidade bancaria, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante de pagamento dos dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

4.6. O importe satisfeito en concepto de dereitos de exame devolveráselles, logo dos trámites correspondentes, aos aspirantes excluídos que o soliciten.

4.7. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos reservará para si a facultade de comprobar a veracidade dos documentos achegados polos aspirantes.

4.8. O enderezo que figura nas instancias considerase como o único válido para os efectos das notificacións, sendo responsabilidade do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos de calquera cambio nel.

Este mesmo criterio será aplicable aos outros medios de comunicación posibles.

*Quinta.-Discapacidades.*

5.1. Para a realización da oposición a comisión de selección desta establecerá, para as persoas con minusvalidez que o demandasen e acreditasen coa solicitude de admisión ao proceso selectivo, as adaptacións posibles de tempos e medios.

5.2. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas á comisión de selección respecto á capacidade dos aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións correspondentes ao posto de traballo convocado, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

*Sexta.-Admisión de aspirantes.*

6.1. Esgotado o prazo de presentación de solicitudes e por mandado do presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, expoñerase no taboleiro de anuncios deste ente público a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo; respecto destes últimos, farase constar na dita lista a causa da súa exclusión.

6.2. Os aspirantes excluídos poderán presentar reclamación coa documentación complementaria que consideren oportuna ante a presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva.

Non se poderá emendar a presentación da instancia fóra do prazo habilitado para este efecto nin tampouco a non realización do pagamento dos dereitos de exame dentro do prazo de presentación de instancias.

6.3. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, ben de oficio ben por instancia do interesado.

6.4. Unha vez transcorrido o dito prazo, a presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos ditará resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos, fronte á que se poderá interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da lista, recurso potestativo de reposición ante a presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

A citada resolución será exposta, para os efectos de publicidade, no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, xunto coa indicación do lugar, a data e a hora en que comezarán as probas, ás cales deberán asistir os candidatos provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

6.5. O feito de figuraren na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca mediante esta resolución. Cando da documentación que se debe presentar no caso de superar o procedemento selectivo se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o interesado decaerá en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación neste procedemento.

*Sétima.-Comisión de selección.*

7.1. A selección será efectuada por unha comisión designada para o efecto.

7.2. A presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos nomeará os membros que correspondan da comisión de selección.

Os membros da dita comisión terán a condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo das administracións públicas ou de entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vinculadas ou dependentes de calquera delas, e deberá posuír cada un deles titulación universitaria de licenciatura, enxeñaría superior, arquitectura superior, grao ou equivalente.

A resolución pola que se determina a composición nominal da comisión de selección, segundo o previsto no parágrafo anterior e na base seguinte, será exposta, con anterioridade á data fixada para o primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do ente público. A designación nominal dos membros da comisión de selección incluirá a dos respectivos suplentes.

7.3. A comisión de selección estará composta por cinco membros designados pola presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, coa distribución de presidente, secretario e tres vogais; o secretario deberá posuír especificamente a titulación de licenciatura ou grao en dereito.

Na designación dos membros da comisión terase en conta o previsto no artigo 36 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

7.4. Todos os membros da comisión de selección actuarán con voz e voto.

7.5. Os membros da comisión de selección deberán absterse de formar parte dela cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se estivesen realizando

tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, e notificaranllo ao presidente da comisión. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da dita Lei 30/1992.

O presidente da comisión poderá solicitarlles aos membros dela declaración expresa de non estaren incursos nas causas de abstención e recusación.

No caso de que concorrese debidamente acreditada a circunstancia nalgún membro da comisión, o presidente do órgano convocante nomeará un novo membro que substitúa o que teña perdida a súa condición por algunha das causas previstas nesta base.

7.6. A comisión de selección non poderá constituírse validamente nin actuar se non están presentes o presidente e o secretario e polo menos dous dos seus vogais.

As decisións adoptaranse por maioría dos membros presentes e resolverá en caso de empate o voto de calidade do presidente.

Por cada sesión da comisión redactarase acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizado coa sinatura do secretario e o visto e prace do presidente non obstante poderán asinar, se así o consideran oportuno, os demais membros da comisión asistentes á reunión correspondente.

7.7. A comisión de selección queda facultada para resolver as dúbidas que xurdan da aplicación destas bases e poderá adoptar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, axustándose na súa actuación ás previsións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.8. A comisión de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que considere pertinentes; limitaranse estes asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades.

#### 7.9. Funcións da comisión:

-Elaborar as probas e garantir o seu segredo.

-Avaliar as probas e outorgarlles cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.

-Formalizar, mediante actas, todo o proceso de concurso-oposición e mais o resultado final, que será remitido ao presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos mediante certificación do secretario da comisión da lista de aspirantes por orde de cualificación, da máis alta á máis baixa.

-No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivese a puntuación máis alta no primeiro exercicio, e se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que

aquel se dirima. De continuar este resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso e atendendo á orde dos méritos segundo figura na base 9.2. Por último, e de seguir persistindo o empate, resolverase por orde alfabética, iniciándose pola letra que empece do primeiro apelido que resultase do último sorteo público, a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que se realice.

7.10. En ningún caso a comisión de selección poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso-oposición un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña este punto será nula de pleno dereito.

Non obstante o anterior sempre que a comisión propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura destas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir da comisión de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos, para o seu posible nomeamento como persoal laboral fixo nas prazas convocadas. Para os efectos previstos neste punto terán a mesma consideración que as renuncias os supostos a que se refire a base 10.3 desta convocatoria.

#### 7.11. Sede da comisión de selección.

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, a comisión terá a súa sede na rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña. Teléfono: 981 95 74 28. Fax: 981 95 74 33.

7.12. A comisión de selección que actúe nestas probas selectivas terá a categoría primeira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia e seralle aplicable o previsto na regulación propia nesta materia deste ente público.

#### Oitava.-Oposición: *desenvolvemento das probas.*

8.1. Establécense tres tipos de probas, que se realizarán pola orde seguinte.

a) Primeiro exercicio. Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de sesenta preguntas tipo test, máis cinco de reserva, con catro respostas alternativas das cales só unha será correcta, proposto pola comisión de selección e correspondente ao contido do temario previsto no anexo I desta convocatoria. Este exercicio poderá desenvolverse en galego ou castelán.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora e quince minutos.

Na cualificación deste exercicio terase en conta que por cada resposta incorrecta se descontará unha correcta; as respostas en branco non puntúan; e as dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

No prazo de vinte e catro horas seguintes ao día da realización do exame, faranse públicas as respostas correctas do test no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e no lugar de realización do exercicio.

Se a comisión de selección, de oficio ou baseándose nas reclamacións que os interesados poidan presentar, anulase algunha ou algunhas das preguntas, anunciarao publicamente no citado taboleiro de anuncios deste ente público e no lugar de realización do exercicio.

Neste último caso serán tidas en conta as preguntas de reserva, que terán unha puntuación igual que o resto das preguntas do correspondente exercicio.

b) Segundo exercicio. Este exercicio constará de dúas probas e poderá desenvolverse en galego ou en castelán.

A primeira proba consistirá na contestación por escrito de preguntas cortas ou/e de desenvolvemento propostas pola comisión de selección sobre as materias correspondentes ao temario establecido no anexo I da convocatoria.

Na cualificación desta primeira proba valoraranse especialmente os coñecementos, a claridade, a orde de ideas e a calidade da expresión escrita, así como a súa exposición.

A segunda proba consistirá na resolución por escrito dun suposto práctico proposto pola comisión de selección relacionado coas materias do temario previsto no anexo I da convocatoria, e non poderán os aspirantes utilizar ningún texto ou material de consulta ou axuda.

O tempo máximo de duración deste exercicio será dunha hora e corenta e cinco minutos.

c) Terceiro exercicio. Constará de dúas partes:

-Primeira parte: consistirá na tradución por escrito, sen dicionario ou calquera outro medio, dun texto do castelán para o galego proposto pola comisión.

-Segunda parte: consistirá na tradución por escrito, sen dicionario ou calquera outro medio, dun texto do galego para o castelán proposto pola comisión.

O tempo máximo para a realización de ambas as dúas partes será de trinta minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, e será necesario para superalo obter o resultado de apto nas dúas partes que constitúen o exercicio, corresponderalle á comisión determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten a posesión do Celga 4, curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. Tal acreditación deberá presentarse mediante o correspondente orixinal ou fotocopia

cotexada durante o prazo de presentación de solicitudes fixado na base 4.3.

8.2. Os tres exercicios de que se compón a oposición serán obrigatorios, sen prexuízo do disposto no último parágrafo da base 8.1 c) desta convocatoria, e de carácter eliminatorio para aqueles aspirantes que non acaden as cualificacións mínimas establecidas para cada exercicio.

O exercicio primeiro cualificarase de 0 a 30 puntos, e será necesario para superalo obter como mínimo 15 puntos.

O segundo exercicio cualificarase de 0 a 30 puntos, e será necesario para superalo obter como mínimo 15 puntos. Esta cualificación total mínima deberase obter da suma da correspondente á primeira proba, que se cualificará de 0 a 20 puntos, e da segunda proba, que se cualificará de 0 a 10 puntos, suma que só poderá ter lugar no caso de que a cualificación obtida na primeira proba sexa como mínimo de 10 puntos e na segunda como mínimo de 5 puntos, xa que no suposto de que a cualificación obtida en calquera das dúas probas citadas de que consta este segundo exercicio fose inferior aos mínimos sinalados non se superará o exercicio.

Corresponderalle á comisión de selección determinar o número de respostas correctas e o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima en cada un dos exercicios.

O terceiro exercicio cualificarase de acordo co disposto na base 8.1º c).

8.3. Unha vez rematada a corrección do exercicio que corresponda das probas selectivas da oposición, a comisión de selección publicará no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e no lugar de realización destes as puntuacións correspondentes ao dito exercicio, con indicación do nome, apelidos e DNI de cada aspirante.

8.4. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e será excluído quen non compareza, poderanse considerar os casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente apreciados pola comisión de selección. Os anuncios para a realización dos exercicios faraos públicos a comisión de selección na súa sede, con corenta e oito horas de antelación, como mínimo, ao seu comezo.

O chamamento na orde de actuación dos aspirantes no proceso selectivo iniciarase pola letra que empece o primeiro apelido que resultase do último sorteo público, a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia que teña lugar.

8.5. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros da comisión de selección e, de ser o caso, dos colaboradores designados por esta.

O presidente da comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que os exercicios

da fase de oposición sexan corrixidos sen que se coñeza a identidade dos aspirantes.

A comisión de selección excluírá a aqueles candidatos con exercicios en que figuren o seu nome, apelidos, riscaduras, marcas ou signos que permitan coñecer a identidade do opositor.

Os aspirantes non poderán acceder ao recinto dos exames provistos de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico.

8.6. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos pola comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade.

8.7. Os aspirantes disporán de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de realización de cada exercicio, para presentar reclamación ante a comisión de selección ás preguntas, suposto práctico ou textos propostos pola dita comisión no correspondente exercicio. Así mesmo, os aspirantes disporán do mesmo prazo, contado a partir do día seguinte ao de publicación das puntuacións do exercicio correspondente, para presentar reclamacións ás cualificacións obtidas en cada exercicio.

*Novena.-Concurso: baremo de méritos.*

9.1. A comisión de selección avaliará os méritos que con motivo da súa experiencia profesional acrediten os aspirantes que teñan superado a oposición.

Na fase de concurso non se valorarán os méritos que non estean suficientemente acreditados documentalmentemente, nin os presentados fóra do prazo establecido para a presentación de solicitudes.

A comisión de selección poderá requirir, de oficio, dos aspirantes ou de calquera Administración pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación da puntuación desta fase de concurso.

9.2. Na fase de concurso valorarase a experiencia profesional acreditada, ata un máximo de 3 puntos, na mesma categoría profesional convocada ou equivalente: 0,05 puntos por mes traballado.

9.3. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

9.4. A baremación desta fase de concurso publicarase no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación ante a propia comisión de selección no prazo de dez (10) días hábiles a partir do día seguinte á exposición da dita baremación.

9.5. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as oportunas correccións da baremación inicialmente asignada a cada aspirante, a comisión de selección incluíraas no acordo definiti-

vo que conteña o aspirante que superou o proceso selectivo.

*Décima.-Contratación laboral e período de proba.*

10.1. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, de acordo cos resultados da concurso-oposición, e no suposto de haber aspirante que superase os mínimos exixibles establecidos nesta convocatoria, procederá á contratación con carácter fixo deste, de conformidade coa proposta feita pola comisión de selección.

10.2. Para os efectos da súa contratación, e por requirimento deste ente público, o aspirante seleccionado deberá presentar no prazo de vinte (20) días naturais os seguintes documentos:

-Fotocopia compulsada do título exixido ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de empregos públicos.

O aspirante que non posúa a nacionalidade española deberá presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometido a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso ao emprego público.

-Certificado médico oficial en que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.

10.3. Se o seleccionado, dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentase a documentación ou do exame desta se deducise que carece dalgún dos requisitos da base 2ª, non poderá ser contratado e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorrese por falsidade na solicitude inicial.

10.4. O aspirante que obteña praza deberá incorporarse no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas; de non se efectuar, entenderase como renuncia tácita ao seu posto de traballo.

10.5. A contratación para ocupar a vacante do cadro de persoal fixo convocada por esta resolución estará sometida a un tempo de proba de tres meses, durante o cal o contratado terá os dereitos e obrigas correspondentes ao posto de traballo que desempeñe, agás os derivados da resolución da relación laboral, que poderá producirse por instancia de calquera das partes durante o seu transcurso. Este período de proba non será aplicable ao aspirante que con anterioridade estivese desenvolvendo funcións similares na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

10.6. O desempeño de calquera posto de traballo na Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos estará sometido ás incompatibilidades previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Décimo primeira.-*Recursos.*

Esta convocatoria e as súas bases, que vinculan a Administración convocante, a comisión de selección encargada de vulgar o concurso-oposición e aos que participen nel, poderán ser impugnadas mediante recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante o anterior, os interesados poderán optar por interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o presidente da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nos termos previstos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Así mesmo, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada contra os actos da comisión de selección ante a presidenta deste ente público nos termos previstos no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2010.

Ethel M<sup>a</sup> Vázquez Mourelle  
Presidenta da Empresa Pública de Obras e Servizos  
Hidráulicos

#### ANEXO I

**Programa de temas que rexerá nas probas selectivas para a praza convocada de xefatura de sección da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos**

1. Concepto de constitución. A Constitución como norma xurídica. Liñas fundamentais do constitucionalismo español. A Constitución española de 1978. Os principios constitucionais. O Estado español como estado social e democrático de dereito. A reforma constitucional.

2. Os dereitos fundamentais: evolución histórica e conceptual. Os dereitos fundamentais da Constitución española. Dereitos e deberes dos cidadáns. Garantías e tutela dos dereitos e liberdades. A súa suspensión. Principios reitores da política social e económica. A participación social na actividade do Estado.

3. A Coroa. Sucesión e rexencia. As atribucións do Rei.

4. As Cortes Xerais. O Congreso dos Deputados e o Senado. Composición e funcións. O control parlamentario do Goberno en España.

5. Procedemento de elaboración e aprobación das leis. Órganos de control da Administración: o Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo. A Administración consultiva: o Consello do Estado.

6. A regulación constitucional da xustiza. O poder xudicial. O Consello Xeral do Poder Xudicial: organización e competencias. O Tribunal Supremo. Os tribunais superiores de xustiza. O Ministerio Fiscal. O Tribunal Constitucional: organización, presupostos materiais e procedementos dos recursos ante o tribunal.

7. O Goberno. A súa composición e funcionamento. Nomeamento e cesamento. As funcións do Goberno. O presidente do Goberno. Os ministros. A Administración pública: concepto. Principios constitucionais informadores. Goberno e Administración: control dos actos políticos.

8. A Administración institucional. Os organismos públicos. Os organismos autónomos. As entidades públicas empresariais. As axencias. Administración corporativa. Colexios profesionais e cámaras.

9. A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. A interpretación do Estatuto de Galicia. A súa reforma; a rixidez estatutaria; as súas garantías. Os supostos de reforma; os seus respectivos procedementos.

10. Organización política das comunidades autónomas. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de xustiza en Galicia.

11. O Goberno da Comunidade Autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente. Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia.

12. O Parlamento de Galicia. Funcións. O control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo de Galicia. O Consello Consultivo de Galicia.

13. As administracións públicas das comunidades autónomas: bases do réxime xurídico das administracións públicas. A Administración pública galega. A Administración central. As consellerías: organización e estrutura. A Administración periférica da comunidade autónoma. As delegacións de Galicia no exterior. A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego.

14. A función pública galega: bases do seu réxime xurídico. A xestión do persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. Promoción. A carreira administrativa. Os plans de emprego. Situacións administrativas dos

funcionarios. Os dereitos. Os deberes. Réxime de incompatibilidades. Responsabilidade e réxime disciplinario. Extinción da relación funcional. Persoal funcionario e persoal laboral. O estatuto básico do empregado público, aprobado pola Lei estatal 7/2007, do 12 de abril.

15. A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos leis e decretos lexislativos.

16. O regulamento: clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria. Regulamentos ilegais: a súa impugnación. Regulamentos dos órganos constitucionais.

17. O procedemento administrativo: concepto e natureza. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: ámbito de aplicación. Principios informadores. Fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

18. O acto administrativo: concepto e clases. Elementos do acto administrativo: suxeito, obxecto, causa, fin e forma. Notificación e publicación dos actos administrativos. A eficacia do acto administrativo: principios xerais. Executividade e suspensión. Procedementos de execución. O silencio administrativo. As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais.

19. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materia recorrible, lexitimación e órgano competente. Recursos de alzada, de reposición e de revisión.

20. Nulidade de pleno dereito e anulabilidade dos actos administrativos. Revogación e revisión de oficio dos actos administrativos nulos e anulables: casos en que procede. Procedemento. A impugnación xurisdiccional de actos pola propia Administración: a declaración de lesividade.

21. A potestade expropiatoria: a expropiación forzosa. A súa xustificación e natureza. Suxeitos e obxecto da potestade expropiatoria. A causa *expropriandi*. O contido da expropiación. Procedemento expropiatorio en xeral. Determinación e pagamento do prezo xusto. A reversión do ben expropiado. Expropiacións especiais. Garantías xurisdiccionais.

22. A potestade sancionadora da Administración. Principios. O procedemento sancionador.

23. A responsabilidade patrimonial da Administración. Características da institución no sistema español. Lesión determinante, suxeitos imputables e causas de imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

24. Os contratos administrativos segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público: configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos. Ámbito subxectivo e obxectivo da lei. Partes. Obxecto, prezo e contía. Garantías. Análise do exe-

diente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas. O prego tipo.

25. Preparación dos contratos. Documentación a presentar polos licitadores. O réxime das prohibicións de contratar. Clasificación e solvencia das empresas. A oferta na unión de empresarios.

26. Procedementos de adxudicación dos contratos das administracións públicas. Licitación dos contratos. Racionalización técnica da contratación. Efectos, cumprimento, recepción, liquidación e resolución dos contratos. Prerrogativas da Administración pública na contratación administrativa. Cesión e subcontratación.

27. A adxudicación do contrato. Notificación e publicidade. O novo recurso especial en materia de contratación. O documento de formalización. O réxime de pagos, en especial as certificacións: endoso e embargo. Revisión de prezos. A renuncia e a desistencia do contrato.

28. Os contratos de obra, xestión de servizo público, subministración e servizo: configuración, características e réxime xurídico.

29. O contrato de concesión de obra pública: regulación normativa. Dereitos e obrigas das partes no contrato. Execución e terminación do contrato. O equilibrio e reequilibrio económico-financeiro. O financiamento da concesión. Análise comparativa do contrato de concesión de obra pública coa concesión de dominio público e co contrato de colaboración entre o sector público e o sector privado.

30. Organización administrativa para a xestión da contratación. Órganos competentes en materia de contratación. Rexistros oficiais. Xestión da publicidade contractual por medios electrónicos, informáticos e telemáticos. Perfil de contratante. O réxime de contratación aplicable ás sociedades públicas. A regulación da Unión Europea en materia de contratación pública.

31. Os orzamentos: concepto, fins e características xerais. As distintas técnicas orzamentarias. O contido, elaboración e aprobación dos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma de Galicia.

32. A estrutura do orzamento de ingresos e gastos da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus organismos autónomos e demais entes públicos. As modificacións orzamentarias: concepto, clases e regulación.

33. A xestión económico-financeira pública de Galicia: principios xerais. O texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia: Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

34. A xestión do gasto público da Comunidade Autónoma de Galicia: fases de execución e documentos contables. Fondos para xustificar. Anticipos de caixa. Gastos plurianuais. Gastos con financiamento afectado. Expedientes anticipados de gasto.

35. A xestión dos gastos contractuais: tipos de contratos. Autorización e compromiso de gastos contractuais. Recoñecemento da obriga. Pagamento. Control dos gastos contractuais.

36. A xestión dos ingresos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia: fases de execución e documentos contables. Os fondos procedentes da Unión Europea e especial referencia aos fondos estruturais e de cohesión.

37. Clasificación do gasto público. Avaliación de custos. Asignación de recursos. Programación de investimentos. Financiamento das obras públicas. Recursos orzamentarios. Outros recursos. Financiamento dos plans coordinados con outros ministerios e coas comunidades autónomas.

38. Proxectos de investimento e proxectos de obra. Creación de infraestruturas, explotación de recursos e rexeneración de emprego. Análise de proxectos de investimento. Alternativas. Avaliación económica de proxectos. Rendibilidade económica e social. Análise multicriterios.

39. O financiamento das obras. Fondos propios, fondos de cooperación interterritorial (FCI) e fondos europeos. Cofinanciamento dos fondos europeos. Solicitude de fondos de cohesión. O Programa operativo dos Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (Feder), eixe e medida.

40. A Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos: natureza xurídica. Lei de creación da Empresa Pública e disposicións normativas reguladoras. Domicilio legal e adscrición orgánica. Obxecto e desenvolvemento regulamentario.

41. Organización interna da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos: órganos administrativos, representación e réxime de adopción de acordos. Réxime xurídico da empresa. Relación entre a empresa e o seu persoal. Réxime do persoal. Réxime económico, financeiro e orzamentario da empresa.

42. Convenio colectivo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos: clasificación do persoal e mobilidade funcional. Selección do persoal. Xornada de traballo. Vacacións, licenzas e permisos.

43. Convenio colectivo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos: situacións administrativas e excedencias. Réxime asistencial e beneficios sociais. Réxime disciplinario.

44. Real decreto lexislativo 1/2002, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas. Concesións e autorizacións. Competencias das administracións locais. O dominio público hidráulico: concepto e réxime xurídico.

45. Lei 8/2001, do 2 de agosto, de protección de calidade das augas das rías de Galicia e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas.

46. A Administración pública da auga: principios xerais. Os organismos de bacía: configuración e funcións. Órganos de goberno e administración. Réxime xurídico. Repartición e distribución da auga. Canons e tarifas. A Administración hidráulica de Galicia. Organización e competencias. Os entes especiais da Administración hidráulica de Galicia: configuración xurídica, esquema organizativo e funcións.

47. Normativa xeral sobre a vertedura ao mar: Lei de costas, normativa relativa á calidade das augas de baño, normativa xeral de verteduras de substancias perigosas desde terra ao mar, normas de emisión e obxectivos de calidade e instrucións para o proxecto de conducións de verteduras desde terra ao mar.

48. O réxime económico-financeiro da Lei de augas. O canon de ocupación ou utilización. O canon de vertedura. A unidade de contaminación. Canon por uso da auga. Distribución entre os beneficiarios.

49. A planificación hidrolóxica: obxectivos xerais da planificación, marco legal, finalidade, liñas de actuación e obxectivos. A Lei de augas e os seus regulamentos en relación coa planificación hidrolóxica. A planificación hidrolóxica en bacías intracomunitarias e intercomunitarias.

50. Hidroloxía. Ciclo hidrolóxico. O control do ciclo: magnitudes, medicións hidrolóxicas e modelos hidrolóxicos de precipitación-escorremento. Redes hidrolóxicas: a rede de medicións de caudal, o SAIH, o SAICA, a rede ICA e a rede de control das augas subterráneas.

51. O Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos. Lexislación de augas en relación coa calidade das augas.

52. Principais directivas da UE en materia ambiental. A Directiva 1985/337/CE modificada polas directivas 1997/11/CE, 2003/35/CE e 2009/31/CE sobre avaliación de impactos sobre o ambiente de certas obras públicas e privadas. Directiva 1991/271/CE sobre tratamento de augas residuais e Directiva 2000/60/CE pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da poltíca de augas.

53. Calidade das augas continentais. Os obxectivos de calidade. Normas de emisión. Normativa vixente sobre calidade das augas superficiais.

54. As obras hidráulicas. Definición e competencias das obras hidráulicas públicas. Contratos de construción e explotación das obras hidráulicas.

55. Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan Hidrolóxico Nacional. As obras hidráulicas declaradas de interese xeral.

56. Os proxectos de obras hidráulicas: estrutura, supervisión, aprobación. Anteprojectos de obras hidráulicas. Pregos de cláusulas administrativas:

xerais e particulares. As normas técnicas e os pregos de condicións técnicas. A implantación. Avaliación técnico-económica dos proxectos de obras hidráulicas. Criterios de selección e de prioridade.

57. Usos de auga en abastecemento a poboacións. Prognoses da demanda de abastecemento. Dotacións. Perdas na rede de distribución.

58. Captacións de auga superficiais e subterráneas: tipos e criterios de deseño.

59. Condicións de potabilidade da auga: calidade da auga e tratamento previo á distribución. Estacións de tratamento de auga potable. Técnicas de tratamento de augas industriais.

60. Conducións en carga. Cavitación. Tipos de tubaxes. Normativa. Túneles hidráulicos. Rede de distribución de auga potable: elementos e modelos. Explotación e conservación.

61. Depósitos de regulación: prefabricados e fabricados *in situ*. Válvulas e accesorios: elementos de unión e pezas especiais. Explotación e conservación.

62. Estacións de bombeo de auga potable e augas residuais. Conceptos básicos. Tipos de bombas: características, selección, transitorios. Protección e tipos de estacións. Elementos construtivos. Enxeñaría de impulsións: trazado, tipos e cálculos.

63. O saneamento en Galicia: alcance actual, actuacións e financiamento. A ordenación legal do servizo de depuración de augas residuais urbanas de Galicia: marco regulador, ámbito material, xestión e financiamento.

64. Técnicas de depuración de augas residuais. Esquema dunha estación de tratamento de auga potable. Pretratamentos, tratamentos primarios e físico-químicos. Tratamentos biolóxicos: fangos activados convencionais, fangos activados, anaerobios e anaerobios-aerobios.

65. Eliminación biolóxica de nutrientes. Control e índices de contaminación. Autorizacións de vertedura. Tratamentos avanzados de eliminación de fósforo e nitróxeno. Sistemas de desinfección.

66. Producción e características dos fangos. Sistemas de espesamento. Estabilización aerobia e química dos fangos. Estabilización anaerobia dos fangos. Deshidratación.

67. Destino final dos fangos de depuración: aspectos xerais, problemática e alternativas. Aplicación dos fangos na agricultura. Sistemas de compostaxe.

68. Redes de saneamento: colectores, obras especiais e modelos. Criterios de deseño e procedementos construtivos. Degradación, corrosión das condicións de augas residuais. Limpeza, mantemento e rehabilitación de conducións de augas residuais.

69. Técnicas de drenaxe sustentable: estruturais e non estruturais. Criterios de deseño e funcionalidade.

70. Emisarios submariños. Criterios de deseño: técnicos, científicos e económicos.

71. Mantemento e explotación de depuradoras de augas residuais. Aspectos económicos segundo o tipo de estación de tratamento

72. Presas: conceptos xerais. Tipoloxía. Órganos de desaugamento da presa. Desvío do río para a construción dunha presa. Ensecadeiras. Operación de peche dos túneles de desvío. Escavacións e cimentacións de grandes presas. Inxeccións de consolidación. Impermeabilización de estribos. Recreemento de presas. Evolución e tendencia das grandes presas.

73. Explotación de encoros. Regulamento técnico sobre seguridade de presas e encoros e a súa relación coa directriz básica de Protección Civil. Clasificación de presas fronte ao risco potencial. Plan de posta en carga. Arquivo técnico da presa. Normas de explotación. Inspeccións periódicas. Ondas de rotura de presas. Tipos de rotura. Descrición física. Estudo da evolución da onda. Plans de emerxencia. Posta fóra do servizo.

74. O ambiente na explotación dos recursos hídricos. Eutrofización das masas de auga. Causas. Efectos. Factores limitantes. Producción primaria. Control de eutrofización.

75. Canles. Tipos. Revestimentos e xuntas. Drenaxe. Sifóns e acuedutos. Comportas. Dispositivos funcionais complementarios. Maquinaria específica para a construción.

76. Directiva 2007/60/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de asolagamentos. Obrigas. Planes de xestión do risco de asolagamento: contados e prazos.

77. Avenidas e secas. Previsión e cálculo de máximas crecidas. Obras fluviais en xeral. Protección, corrección e regularización de leitos. Canalizacións. Defensa de poboacións. Concepto de seca e avenida.

78. O control de calidade. Normativa técnica. Control de calidade nos pregos de condicións. Calidade de materiais e de execución. Laboratorio de control de obras. Probas finais e recepción.

79. Seguridade e saúde na construción de obras públicas. Disposicións vixentes. Órganos competentes en materia de seguridade e saúde. Comités de seguridade e saúde. Responsabilidades.

80. Plans de vixilancia ambiental. Obxectivos, definición e desenvolvemento.

81. Infraestruturas hidráulicas para protección e control de asolagamentos: procedementos preventivos e accións de emerxencia. Restauración e melloira do leito e beiras dun río: aspectos que se deben considerar.

## ANEXO II

## Solicitud de admisión para participar no proceso selectivo para o ingreso como persoal laboral fixo da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

|                  |                 |      |     |
|------------------|-----------------|------|-----|
| PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NOME | DNI |
|------------------|-----------------|------|-----|

|          |
|----------|
| ENDEREZO |
|----------|

|            |           |               |          |
|------------|-----------|---------------|----------|
| LOCALIDADE | PROVINCIA | CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO |
|------------|-----------|---------------|----------|

|                   |            |           |               |
|-------------------|------------|-----------|---------------|
| DATA DE NACEMENTO | LOCALIDADE | PROVINCIA | NACIONALIDADE |
|-------------------|------------|-----------|---------------|

|                    |
|--------------------|
| TITULACIÓN EXIXIDA |
|--------------------|

|                          |   |
|--------------------------|---|
| PRAZA CONVOCADA          | (DOG nº....., do .....de..... de 20.....) |
| <input type="checkbox"/> | Xefatura de sección                       |

|                          |              |
|--------------------------|--------------|
| FORMA DE ACCESO          |              |
| <input type="checkbox"/> | Acceso libre |

|   |
|---|
| EN CASO DE MINUSVALIDEZ OU DISCAPACIDADE, ADAPTACIÓN QUE SE SOLICITA E MOTIVO DESTA |
|---|

A persoa que abaixo asina solicita ser admitida no proceso selectivo a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións exixidas na convocatoria anteriormente citada e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

....., .....de.....de.....

Asdo.:.....

PRESIDENTA DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS  
R/ Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña)

## Instrucións.

\* Instrucións xerais.

-Escribir por medios mecánicos ou con bolígrafo sobre superficie dura, empregando maiúsculas tipo imprenta.

-Os datos deben resultar claramente lexibles.

-Evitar dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscaduras.

-Asinar a solicitude.

-Achegar o impreso de autoliquidación de taxas debidamente cuberto e selado pola entidade bancaria.

-Xuntar a documentación acreditativa dos requisitos de admisión, segundo o establecido na convocatoria.

-Xuntar fotocopia cotexada da cualificación de minusvalidez, de ser o caso.

-Xuntar documento acreditativo de ser membro de familia numerosa, de ser o caso.

\* Instrucións particulares.

-Praza: facer constar a praza a que se opta, segundo a denominación que figura na base 1.1 da convocatoria.

-No suposto de persoas con invalidez ou discapacidade, especificquense as posibles adaptacións de medios para a realización dos exercicios no caso de que sexa necesario e os motivos desta adaptación.

ANEXO III

**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

**TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**  
Lei 6/2008, do 9 de decembro  
Decreto 61/2008, do 7 de abril  
**AUTOQUIDADACIÓN**

Modelo  
**A**  
**EUROS**

A.....

Códigos: 0 6  
1 3  
1 4

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas  
Delegación de Servizos Centrais  
Servizo de Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos

Taxa: denominación: inscrición na convocatoria para a selección de xefatura de sección.....  
Código: 3 0 0 3 0 2

|             |           |                                 |          |
|-------------|-----------|---------------------------------|----------|
| NIF         |           | APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL |          |
| VIA PÚBLICA | NÚMERO    | ESCALA                          | PISO     |
| CONCELLO    | PROVINCIA | PORTA                           | TELEFONO |
|             |           | CÓDIGO POSTAL                   |          |

|   |                       |
|---|-----------------------|
| BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPONIBLE OU UNIDADES | IMPORTE PARA INGRESAR |
|   | TOTAL € 40,74         |

SUJEITO PASIVO

LIQUIDACIÓN

..... de ..... de 20.....  
 ..... de ..... de 20.....  
 Signatura do declarante ou representante legal

Selo  
Data  
Número

**IMPORTANTE:** o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.

## V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL NÚMERO CATRO DA CORUÑA

*Cédula de notificación de auto de aclaración (774/2008).*

María del Mar Barral Pérez, secretaria xudicial do Xulgado do Social número 4 da Coruña, fago saber que no procedemento de demanda 774/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Olga Fariña Amado contra a empresa Juan Ramiro Suárez Lafuente Eurotiendas, sobre ordinario, se ditou resolución do teor literal seguinte:

«Auto.

A Coruña, 9 de febreiro de 2010.

Antecedentes de feito:

Primeiro.-Con data do 30 de novembro de 2009 este xulgado do social ditou sentenza en autos de demanda 774/2008, cuxa resolución literalmente di:

Decido que estimando a demanda interposta por Olga Fariña Amado, debo declarar e declaro o dereito da demandante a percibir as cantidades reclama-

das polos conceptos de salario e vacacións e, en tal sentido, debo condenar e condeno a empresa Juan Ramiro Suárez Lafuente a que lle aboe á demandante a cantidade de mil trescentos corenta e sete euros con catro céntimos.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, e fágaselles saber que contra ela non poden interpor recurso de suplicación.

Así, por esta miña sentenza, pronúncioo, mándoo e asínoo.

Publicación.-A anterior sentenza foi lida e publicada pola maxistrada xuíza substituta que a subscribe, realizando audiencia pública no día da data. Dou fe.

Segundo.-Con data do 17 de decembro de 2008 Olga Fariña Amado presentou escrito, mediante o que solicita aclaración de sentenza.

Razoamentos xurídicos:

Primeiro.-Conforme se establece no artigo 267 da Lei orgánica do poder xudicial, as sentenzas e autos definitivos poderán ser aclarados en calquera concepto escuro do seu contido e poderanse suplir neles as omisións que conteñen, o que se poderá facer de oficio dentro do día hábil seguinte ao de publicación